

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

EXTRACTO da Resolución do 6 de xullo de 2026 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026-2027-2028 en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento IG414A).

BDNS (Identif.): 917165.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/917165>

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ter menos de 35 anos na data de presentación da solicitude.
2. Ter nacido/a en Galicia e estar nacionalizado/a nun Estado membro da Unión Europea, ou estar empadroad/a nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia cun ano de antigüidade á data de publicación das bases.
3. Estar en posesión dalgunha titulación universitaria superior de grao e que permita o acceso aos estudos oficiais de máster universitario de acordo co establecido no Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización do ensino universitario e o procedemento de aseguramento da súa calidade:
 - i. Título universitario oficial de graduada ou graduado español.
 - ii. Títulos procedentes de sistemas educativos que non formen parte do EEES, que equivalen ao título de grao.

Así mesmo, é imprescindible acreditar un mínimo de 240 ECTS en todos os casos. A titulación pódese obter e acreditar ata cinco (5) días despois da publicación da resolución de concesión; a non presentación suporá a imposibilidade de ser persoa beneficiaria da bolsa.



Os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros privados españois deberán estar homologados polo Ministerio de Educación español antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes. Polo que se refire aos títulos de máster, non se require que estean homologados.

4. Coñecementos de inglés (falado e escrito). Deberá acreditarse o nivel mínimo de idioma inglés B2. Esta capacidade acreditarase mediante unha das dúas opcións seguintes:

a) A realización dun exame en que as persoas aspirantes deberán demostrar, como mínimo, nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas.

b) Achegar algún dos certificados de idioma inglés relacionados no anexo II destas bases, sempre que este teña menos de tres anos de antigüidade na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

5. Cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007 para ser considerada persoa beneficiaria de subvencións.

6. Non ter desfrutado con anterioridade dunha bolsa do Igape relacionada coa internacionalización empresarial. Quedarán tamén excluídas da convocatoria aquelas persoas solicitantes que fosen adxudicatarias deste tipo de bolsas en edicións anteriores e que renunciásen a elas con posterioridade ou lles fose determinado un incumprimento total. Non ter desfrutado con anterioridade dunha bolsa doutro organismo ou institución nacional ou estranxeira relacionada coa internacionalización empresarial.

7. Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. O cumprimento deste requisito acreditarase cubrindo no formulario electrónico a declaración responsable da persoa solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido no artigo 11.h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. Achegar declaración responsable de data posterior á da publicación da resolución da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, onde conste que a persoa solicitante non padece enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible coa realización das actividades que constitúen o obxecto da bolsa.



9. Non ter antecedentes penais, nin estar incurso/a en causa penal con medidas cautelares que poidan impedir o normal desenvolvemento da bolsa, mentres non se emite sentenza firme, do cal se deberá informar o Igape. De non ser absolutoria, producirá a perda da bolsa e a devolución dos importes percibidos, de ser o caso. A declaración deberase cubrir no formulario electrónico de solicitude.

Segundo. *Obxecto*

As axudas concédense en réxime de concorrencia competitiva e teñen por obxecto a convocatoria de corenta (40) prazas para a capacitación de profesionais en materia de internacionalización empresarial mediante formación práctica, coa finalidade de mellorar a empregabilidade e pór á disposición das empresas galegas profesionais que as axuden a mellorar a súa competitividade.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 6 de xullo de 2026 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026-2027-2028 en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento IG414A).

Cuarto. *Importe*

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo ás seguintes partidas orzamentarias e coa seguinte distribución plurianual:

a) Orzamento inicial once (11) meses:

Dotación partida orzamentaria 09.A1 741A 4803: 386.108,90 € ano 2026 e 1.012.754,10 € ano 2027.

Dotación partida orzamentaria 09.A1 741A 7800: 40.000,00 € ano 2026.

Dotación partida orzamentaria 09.A1 741A 4840: 31.521,60 € ano 2027.

Total: 1.470.384,60 €.



b) Orzamento prórroga once (11) meses:

Dotación partida orzamentaria 09.A1 741A 4803: 330.108,90 € ano 2027 e 330.108,90 € ano 2028.

Dotación partida orzamentaria 09.A1 741A 4840: 31.521,60 € ano 2028.

Total: 1.410.384,60 €.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes desta convocatoria será dun mes, contado desde as 9.00 horas do día seguinte ao da publicación da resolución da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e ata as 14.00 horas do día en que se cumpra o dito prazo dun mes.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2026

Ainhoa Mallo Martínez
Xerente do Instituto Galego de Promoción Económica

